


Coñece a Biblioteca. Actividade 1º EP



HOLA PEQUENOS, Eu son Manolo, a mascota da nosa biblioteca.

Gústame moito xogar ao escondite e meterme entre os libros para divertirme un pouco con vos.

Aquí tedes o plano da biblioteca e, marcado cunha cruz, o lugar onde me agacho... A VER SE ME ATOPADES!



Foi difícil?

Despois de dar un paseño pola biblioteca seguro que sabedes tamén onde estan...

- os libros de lectura para a vosa idade en galego.
- os libros de lectura para a vosa idade en castelán.
- Os libros para os mais pequenos (Pre-lectores).
- Os dicionarios e as enciclopedias.


Marcádeos no plano...



AGORA, COLLEDE CADA UN UN LIBRO QUE VOS GUSTE MOITO, IMOS APRENDER ALGO SOBRE EL.

AS PARTES DUN LIBRO:

LIBRO PECHADO



A CUBERTA: Parte mais fermosa e chamativa do libro.

O LOMBO: A parte traseira, onde pegamos as etiquetas que identifican a cada libro.

AS PÁXINAS: Onde se gardan todos os segredos do libro.

LIBRO ABERTO



AS GARDAS: As primeiras páxinas en branco que protexen o libro.

A PORTADA: Onde atopamos toda a información sobre o libro.


NA CUBERTA E NA PORTADA ATOPAMOS:

O AUTOR

O TÍTULO

O ILUSTRADOR

A EDITORIAL





E A TRABALLAR!

Cubride esta ficha de lectura cos datos do voso libro:



FICHA DE LECTURA

TÍTULO:

AUTOR/A:

ILUSTRADOR/A:

EDITORIAL:

QUE FOI O QUE MÁIS CHE GUSTOU?




AGORA FÍXATE NO SEU LOMBO:



Se a súa etiqueta é vermella debe colocarse na SECCIÓN DE 6-8 anos.

Na zona de galego

ou na zona de castelán



Se a súa etiqueta ten unha imaxe coma estas...



o seu sitio é nos andeis de PRE-LECTORES.

Agora, antes de marchar, colocade os vosos libros no seu lugar.

Xa sodes os nosos axudantes de biblioteca. Moitas grazas por axudarnos a ter a biblioteca coidada e ordenada.